




Estes meses púxose en marcha a radio no IES Miraflores. Comezamos con tres estratexias:




- Usar os podcast para difundir e propoñer a lectura de libros lidos nos dous clubs de lectura que temos en linguas estranxeiras, tanto en portugués coma en francés. Preparamos un apartado na páxina web do centro para publicar estes podcast.
- Usar os podcast para difundir nun minuto as recomendacións de lectura feitas polo alumnado de 3º ESO sobre libros que transcorren noutras xeografías, seguindo o lema as bibliotecas escolares deste curso. O alumnado seleccionaba os fragmentos máis clarificadores de cada libro.
- Achegar máis profesorado ao proxecto da radio propoñendo que elaborasen podcast. Gravar a profesoras e profesores (Os profes e os profes fan radio) para o blog da biblioteca do que quedan esta ligazón:





1. Animar ao alumnado a que participe nos Clubs de lectura en francés e en portugués.
2. Recomendar libros xa lidos polos integrantes de ambos os clubs e que están a disposición do alumnado na biblioteca.
3. Difundir recomendacións de lecturas de libros en galego que transcorren noutras xeografías.
4. Ofrecer breves audios con lecturas en francés e portugués, lecturas realizadas polo profesorado e/ou o alumnado(mini audiolibros)
5. Ofrecer breves audios con lecturas “á galega” de libros portugueses.



6. Recomendar libros nos que aparecen outras xeografías ou viaxes xa que o lema das bibliotecas é “Xeografías lectoras”.

7. Fomentar a autonomía na elección de lecturas.

8. Animar o alumnado á que elixa libros

do fondo da nosa biblioteca.

9. Mellorar a competencia dixital do alumnado participante.

10. Instruír na técnica de elaboración do guión dun podcast a man ou a ordenador.

11. Mellorar a capacidade de discernir as informacións máis salientables.

12. Introducir o alumnado no manexo da mesa de gravación de son.

13. Introducir o alumnado no manexo do Audacity para gravar voz e música de fondo.

14. Introducir o alumnado na edición de audios incorporando a música de fondo con posterioridade á gravación da voz.

15. Introducir na busca de páxinas que ofrecen música e sons libres.

16. Implementar que o alumnado en traballo colaborativo ensine ás compañeiras e compañeiros.

17. Promover o uso do móbil con finalidade educativa (gravación de podcast).

18. Mellorar a competencia en expresión oral en lingua galega.

19. Mellorar a dicción e a autoconfianza falando en público ou para o público.

20. Reflexionar sobre a importancia dos silenzos.

21. Fomentar a autonomía, a capacidade de decisión e o traballo en grupo nas decisións sobre as gravacións e futuros programas.

22. Mellorar a competencia dixital do profesorado interesado na radio escolar.

23. Achegar profesorado ao proxecto da radio escolar.

24. Favorecer a integración de alumnado portugués e brasileiro do centro a través de actividades relacionadas coa lectura



No club lectura de lectura en portugués, composto por sete alumnos e alumnas decidiron os títulos dos libros que mercamos segundo as súas preferencias lectoras. Forman o que chamamos “O Equipo da radio”

Estableceuse unha reunión semanal para decidir os audios que se ían gravar, as músicas de cada un e o xeito de gravalos: co móbil na casa, ou na mesa de gravación no recreo. Tamén se decidiu que tipo de xéneros radiofónicos van ser os seguintes (“reportaxe foi a elixida”).Nesas reunións foi onde se deron nocións sobre a estrutura do “guión das recomendacións lectoras” e o guión da “entrevista” que son os xéneros traballados ata esta quincena de maio.

A aprendizaxe do funcionamento da mesa de son e do Audacity comezouse cun alumno e dúas alumnas. Cadaquén gravábase a si mesmo e a si mesma. En canto aprenderon as cuestións básicas foron encargados de ensinalas ás outras compañeiras. Neste momento hai 5 de 7 que xa son autónomos e gravan audios doutros compañeiros cando é preciso. Canto aos libros en galego, as alumnas realizaron a gravación co móbil e foron revisadas polo “Equipo da radio”

No club de lectura de francés as lecturas que oferta a biblioteca do centro son os clásicos da literatura francesa adaptados. Pareceu interesante ofrecer “mini audiolibros”, de maneira que o alumnado puidese seguir a lectura dun fragmento tamén escoitando un modelo de pronuncia.

Nas seguintes ligazóns podedes oír todos os audios que levamos subidos ata o momento.

Aos pouquiños iremos completando con máis gravacións.

XEOGRAFÍAS LECTORAS: CLUBS DE LECTURA EN FRANCÉS E PORTUGUÉS

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesmiraflores/?q=taxonomy/term/78>

O MEU LIBRO NUN MINUTO:

ALUMNADO DE 3 ESO

[O meu libro nun minuto | IES Miraflores \(xunta.gal\)](#)

BLOG DA BIBLIOTECA:

PROFESORADO

<https://bibliotecaiesmiraflores.blogspot.com/2021/04/como-cyrano-de-bergerac.html>

[Biblioteca Miraflores: AS ANÉCDOTAS DE CRUZ \(bibliotecaiesmiraflores.blogspot.com\)](#)



Rubrica Expresión oral:

	Excelente	Bo nivel	Aceptable	Xusto
Contido	Profundou nos temas.	Abarcou diferentes temas.	Temas ben seleccionados pero incompletos.	Só enunciados sen desenvolver.
Estrutura	As diferentes seccións planificáronse para facer unha exposición global.	Tentou relacionar as distintas explicacións	Secuenciación correcta	Estrutura sen cohesión e complexa de entender.
Organización	Ton de voz apropiado e linguaxe precisa.	Exposición fluída. O público sígueo con interese.	Clara e fácil de entender.	Pouco clara e difícil de seguir.
Planificación	Mostra boa planificación.	Ben planificada, pero aspectos inconexos.	Mostra unha planificación deficiente.	Improvisada e feita a última hora

Lectura libros elixidos polo alumnado participante:

	Excelente	Ben	Satisfactorio
Puntualidade	Cumpre coa entrega no tempo establecido.	Entrega con un retraso de un día.	Entrega con un retraso inferior a catro días.
Comentario do libro	As ideas do texto complementáanse con observacións persoais.	Conten só unha idea sobre o tema. Complementáaa con observacións persoais.	Complementa as ideas do texto con observacións persoais.
Contido da exposición	Indica con claridade: Introdución- O por qué e de que trata. Desenvolvemento- Redacta a información con coherencia e secuencia correcta. Conclusións- Indica o máis relevante	Sinala: Introdución- De que trata. Desenvolvemento- Redacta a información con coherencia. Conclusións- Sinala a información máis relevante.	Cumpre coa estrutura: Introdución- Indica o tema Desenvolvemento- Redacta a información en xeral. Conclusións- Amosa algúns dos aspectos máis relevantes.
Selección das lecturas	Compara as informacións dos libros con outros lidos anteriormente	Elixo o libro pola información que ten del	Elixo sen profundar

Rúbrica edición de audio con Audacity:

Rúbrica gravación na mesa de son e edición de audio con Audacity (adaptación de Corubric)

A rúbrica está deseñada para avaliar a produción dun arquivo de audio (podcast) integrando locucións, música de fondo e efectos especiais sobre Resultados Cuantitativos:

	Excelente	Satisfactorio	Deficiente
Estrutura do tema do seu interese (Posuír unha estrutura clara do tema presentado)	A información é precisa e ben estruturada (introdución, desenvolvemento e conclusións do tema).	A información que se presenta durante o produto é clara pero presenta a ausencia da introdución ou das conclusións.	A información presentada non é precisa, a estrutura do tema é confusa.
Gravación de voz (Mostra dicción clara, utiliza volume adecuado e hai fluidez en toda a gravación, pausas axeitadas)	A información sobre o tema é entendible porque hai fluidez, unha clara dicción e o volume da voz é adecuado	A información sobre o tema enténdese por algúns momentos, porque hai boa dicción pero o volume de voz non é o adecuado ou hai silencios prolongados	A información sobre o tema pouco entendible, porque a dicción non é clara e o volume de voz é moi baixo
Música de fondo (Utilizar música de fondo que permita a lexibilidade cando se mestura coa voz)	A música de fondo e a voz mestúranse de maneira harmoniosa. A voz é lexible porque a música de fondo ten un volume apropiado	Inclúe música de fondo pero o volume é maior que a voz, falta unha maior precisión para que o audio non se perda entre a música de fondo	Non inclúe música de fondo.
Efecto de entrada e saída (Utilizar efectos que salientan situacións ou puntos importantes)	Os efectos son utilizados para dar énfases nos momentos correctos, o volume do efecto é correcto e o tempo de transición é congruente coa voz do locutor	Os efectos son utilizados para dar énfases nos momentos correctos. Con todo mostra problemas de desfasamento na entrada e saída do efecto. O volume é máis alto que a voz do locutor.	Non hai efectos de entrada e de saída

Resultado final:

AUTOAVALIACIÓN AO FINAL DO PROXECTO

	SI SEMPRE	NON NUNCA	Á MAIORÍA DE VECES
Interésache participar na gravación de podcast no centro?			
Cres que o móbil pode ser unha boa ferramenta educativa?			
Animaríaste a gravar un podcast nunha emisora de radio?			
Mellorou a túa pronunciación?			
Aprendiches a elaborar un guión para un podcast?			
Tes máis criterio para elixir os libros de lectura?			
Es capaz de gravar un audio?			
Es capaz de gravar coa música de fondo ao tempo que falas?			
Es capaz de subir e baixar o volume da música de fondo mentres ti falas?			

-Que vantaxes lles ves a difundir as recomendacións polo medio dun podcast?

-Que outras aplicacións se che ocorren?